

O BELÉN ERA UN CLAMOR

CARA O BELÉN

Sentín unha voz distinta roldando ao redor de min
naquela néboa entupida de tantas mensaxes vas.
Sentina buscar recantos hai tempo pechados xa
onde quedan só voaxas da infancia que perdín,
e proxectos inconclusos,
que algún día arrombei.
Entendín que era tempo de partir...
Pechei portas e ventás
e saín para Begonte vestido de noites pretas.
Malia ser longo o camiño, estaba certo de chegar:
tan forte era aquel pulo e tan grande contra min.
Ía moito frío arreo, e cos pés atrecidos
por vieiros e congostras non parei de camiñar.
Cadelos asilvestrados oía oubear ao lonxe,
sentía os xabarís fozando nos milleirais,
contemplaba as outonías estragadas polas toupas,
e paraba nas maceiras para observar as feridas
que os aires sulfurosos deixaban no seu froito.
Tentei buscar compañeiros para amolecer o camiño,
mais ninguén tiña folgos nin verbas de lecer:
só olladas cara dentro, só friaxe e desamor.
Fun marcando a lama con pegadas de soidade,
ata chegar a Begonte cando o meu sino o dispuxo.
Vin ao fin portas abertas e non dubidei en entrar.

NO BELÉN

Por que choran bágoas de po seco as figuras do belén?,
por que choran recién espriguizadas?

Mirade cómo axexan cos seus ollos de alfinete
á xente das bancadas que volven a renxer.

Quizais cando as arañas tecían días
nun lento devalar cara o Nadal,
as figuras soñaban cornucopias
aboiando no Ladra que as traía.

Soñaban tempos de paz e pan,
tempos sen pranto e sen dolor.

Mais agora ao espertar
volta aos salaios afogados nas bancadas,
volta ás feridas antigas sen cerrar...

Alí enriba á dereita pesaroso poden ver
un desafuzado que hoxe dorme baixo teito,
mais tal vez mañá xa non.

Á súa beira un estudante que non sabe
para qué tanto esforzo e empeño van.

Unha miga máis abaixo, agachada aló no medio,
unha muller maltratada que sofre cada día
incertidumes frías de ruleta que non ve.

Moi preto dela un parado cos seus fillos
deixados á sorte dos que habitan nas toxeyras.

Diante de todo un político desmillorado
que endexamais foi corrupto e a xente non o cre.

Outra volta aló enriba, moi encollido e saudoso,
un avó desnortado que segue a matinar
por qué o radiador da residencia
bota tanto frío e non dá calor.
Velaí tedes o que aquí atopei,
ollos de alfinete pousando na xente,
ollos de carne viva pousando no belén.
Todos ben abertos e fitando sen acougo
na procura dun camiño, dun abeiro, dunha man.
Mentres tanto o Neno dorme
no seu berce envurullado,
dorme un sono xa tan longo
que non sei se bo será.
Esperta, Xesús, esperta,
esperta que é hora xa,
esperta que acaba o día
e a noite chegando está!

FÓRA DO BELÉN

Cando saín fóra,
todo Begonte era a calma
dunha espazosa saba branca
tecida nas nubes frías.
Nin oubeos de cans asilvestrados había xa,
nin pegadas de xabarís,

nin carreiros de toupas,
nin axiridos de aves estridentes,
nin refoleos de vento,
nin estrondos de máquinas ou motores.
Os camiños eran silencio,
os campos eran silencio,
as árbores eran silencio,
o aire era silencio.
Todo era unha vouta de silencio branco pechada sobre min.
Era o silencio necesario
para oír o balbordo sen son
de tantas sombras que á miña beira ían
e se desfacían en prantos affixidos.
Cada folerpa que caía era a voz
dun irmán atrancado na súa dor
e unidas todas xuntas facían un gran clamor.
Sentín que a miña alma deixaba de ser pedra.
Sentín que os antigos camiños non levaban a ningures,
que a miña vella casa era un oco estreito e vacuo.
E sentín por riba daquelas voces outra máis forte e nidia
que pedía mans e chamaba a construír
unha casa grande con chave para todos,
unha casa cimentada sobre a xustiza e sobre a paz,
unha casa onde todos tiveran teito e máis sustento,
onde non houbera humillacións, nin malos tratos,
nin tiranos, nin escravos,
nin mentes violadoras, nin armas asasinas.